

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE BULIMIA Y ANOREXIA DE A CORUÑA (ABAC)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten previsto formalizar coa Asociación de bulimia y anorexia de A Coruña, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á data da súa sinatura e terá duración ata o remate do curso académico 2016/17, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de bulimia y anorexia de A Coruña (ABAC) nas accións e actividades dirixidas á prevención dos trastornos da conduta alimentaria (TCA) e á promoción de hábitos de vida saudables.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
2. Que o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia inclúen o ensino de hábitos de vida



saudables (alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso) así como de prevención de enfermidades.

3. Que a Asociación de bulimia y anorexia de A Coruña (ABAC) é unha asociación sen ánimo de lucro que ten entre as súas actividades:

1. Atención e información a través dos medios telemáticos (teléfono, Fax, Internet..), orientación e apoio a primeiras visitas, soporte psicolóxico e psiquiátrico individual, familiar ou en grupo.
2. Asistencia do equipo terapéutico a congresos e xornadas que poian ampliar a súa formación.
3. Participación e asistencia dos membros da Xunta Directiva aos principais congresos e xornadas dentro do territorio nacional.
4. Participación na creación da Federación Española de Asociacións contra a Anorexia e a Bulimia.
5. Charlas impartidas polo equipo terapéutico en colexios, institutos e voluntariado.
6. Participación en mesas redondas.
7. Posta en marcha, desenvolvemento e mantemento dun centro terapéutico.
8. Creación da revista “Cuenta conmigo”, con participación de pacientes, familia, equipo terapéutico e colaboradores.
9. Creación de trípticos informativos e a súa difusión nos centros educativos, sanitarios, de ocio, etc.
10. Creación e mantemento dunha páxina web.
11. Atención e colaboración cos medios de comunicación (prensa, radio, televisión).
12. Demandar máis e mellores recursos á Sanidade Pública, máis e mellores programas educativos á Educación Pública, máis e mellor Atención Social e impulsar actuacións que teñan como obxectivo mellorar a sociedade.

4. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que *“a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas”*.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da prevención dos trastornos da conduta alimentaria (TCA) e da promoción de hábitos de vida saudables.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos



contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

E para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras, asíñase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura.

